



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



GOBIERNO
DE ESPAÑA
MINISTERIO
DE AGRICULTURA, PESCA
Y ALIMENTACIÓN



Fondo Europeo Agrícola de
Desenvolvemento Rural:
Europa inviste no rural

PDR 2014_2020 DE GALICIA

PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

Medida 1

Accións de transferencia de coñecementos e información

Submedida 1.1

**Apoio ás accións de formación profesional e
adquisición de competencias**



Xacobeo 2021

PDR 2014_2020 DE GALICIA
PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL



Índice

1.	Medida 1. Accións de transferencia de coñecementos e información.....	3
1.1.	Submedida 1.1 Apoio ás accións de formación profesional e adquisición de competencias	3
1.1.1.	Que tipo de actuacións se financian?	3
1.1.2.	Quen pode solicitar esta axuda?	4
1.1.3.	Como se outorga a axuda?	4
1.1.4.	Que tipo de gastos se financian?	4
1.1.5.	Que requisitos se han de cumprir para recibir a axuda?	5
1.1.6.	Que criterios serán utilizados para a selección?	6
1.1.7.	A canto ascende esta axuda?	6
1.1.8.	Quen xestiona esta axuda?	8
1.1.9.	Marco normativo	8
1.1.10.	Documentos e ligazóns relacionados.....	9

1. Medida 1. Accións de transferencia de coñecementos e información

O obxectivo desta medida é fomentar a competitividade do sector agroalimentario e forestal galego a través da incorporación de prácticas innovadoras e o desenvolvemento de iniciativas de I+D. Para iso, considérase prioritario consolidar un sistema permanente de transferencia de coñecementos baseado no fomento da formación profesional en materia agropecuaria e forestal, con especial orientación a agricultores mozos e silvicultores. Esta axuda comprende actividades de formación profesional continua e adquisición de competencias, ademais de actividades de demostración e información. Para iso, prográmanse tres submedidas:

- ✓ Submedida 1.1 Apoio ás accións de formación profesional e adquisición de competencias
- ✓ Submedida 1.2 Apoio ás actividades de demostración e as accións de información
- ✓ Submedida 1.3 Apoio ao intercambio de curta duración da xestión agrícola e forestal e ás visitas agrícolas e forestais

1.1. Submedida 1.1 Apoio ás accións de formación profesional e adquisición de competencias

A submedida promoverá a realización de actividades de formación e adquisición de competencias orientadas a persoas con relación profesional ou con expectativa de incorporación nos sectores produtivos da agricultura, a gandería, a industria agroalimentaria e a cadea forestal-madeira, dirixidas, en especial, a mozos e mulleres do medio rural.

O contido da formación incidirá, entre outros, en aspectos como a mellora da competitividade, a incorporación de tecnoloxías e prácticas innovadoras, a xestión económica e comercial, a calidade dos produtos, a xestión sustentable dos recursos naturais, incluídos os aspectos da condicionalidade, protección do medio ambiente e conservación da paisaxe, Rede Natura 2000 e a mitigación e adaptación ao cambio climático.

Fomentarase ademais a participación de mozos e mulleres.

1.1.1. Que tipo de actuacións se financian?

A axuda serve de apoio á realización de actuacións de formación e adquisición de competencias entre as que se poderán financiar:

- ✓ Cursos de formación e capacitación dirixidos a impartir formación de base en materias relacionadas co exercicio profesional e aquela formación habilitante necesaria para o desempeño de certas ocupacións profesionais do sector



- ✓ Talleres temáticos de aprendizaxe en materias concretas e sesións de orientación específica destinados á adquisición de competencias e habilidades a través dunha aprendizaxe práctica en técnicas e procesos para optimizar a produción e o procesado de produtos agrarios, forestais ou agroalimentarios
- ✓ Visitas incluídas na programación dunha materia. Cunha duración máxima dunha xornada, realizarase naqueles casos nos que sexa necesaria para que os participantes adquiran unha competencia para a obtención dun certificado ou diploma acreditativo de superación dun curso
- ✓ Desenvolvemento e implementación dunha plataforma pública dixital de formación e información *on line*

A duración das accións de formación esixible regúlase na súa normativa de aplicación. As accións de formación non esixibles Terán unha duración máxima de 60 horas. En canto ás accións formativas de estrutura modular terán unha duración máxima por módulo de 60 horas.

1.1.2. Quen pode solicitar esta axuda?

Poderán ser beneficiarios da medida a Administración Autonómica, polas actividades que organice baixo a súa propia iniciativa e as entidades colaboradoras, públicas ou privadas, inscritas no rexistro administrativo de entidades colaboradoras da Consellería do Medio Rural, que presten servizos de formación profesional e adquisición de competencias.

1.1.3. Como se outorga a axuda?

A axuda poderá adoptar a forma de subvención anual, convocada en réxime de concorrència competitiva, por importes que se determinarán en función dos custos de organización e prestación das actividades de formación e adquisición de competencias.

Por outra banda, instrumentarase como investimento directo da Administración Autonómica, a configuración dun sistema público de formación continua que incluírá actividades tanto presenciais como a través de internet para a adquisición de competencias profesionais promovidas pola propia Administración autonómica.

1.1.4. Que tipo de gastos se financian?

No marco desta axuda serán subvencionables os gastos de organización e prestación dos servizos:

- ✓ Gastos de profesorado
- ✓ Material didáctico
- ✓ Aluguer de locais





- ✓ Gastos de desprazamento
- ✓ Custos de equipo directamente vinculados á actividade formativa
- ✓ Custos relacionados co lugar de realización da actividade
- ✓ Custos de difusión e promoción da actividade
- ✓ Custos das accións de demostración e información e/ou visitas asociados ás accións de formación

Estableceranse custos de referencia con límites máximos admisibles para a determinación do gasto, que incluírá, para cada tipo de actividade formativa (cursos, talleres e sesións), un fixo por organización máis un tanto por participante, para o número de participantes que supere o mínimo esixido, cun máximo de 25.000 € por entidade prestataria da formación e ano. Todos os custos serán abonados á entidade beneficiaria que presta os servizos de formación, unha vez que esta abonase os custos correspondentes aos participantes na acción de formación. En canto á configuración do sistema público de formación en rede, serán subvencionables os custos de programación, desenvolvemento informático e mantemento.

1.1.5. Que requisitos se han de cumprir para recibir a axuda?

Só serán elixibles as actuacións promovidas e impartidas directamente pola Administración autonómica ou polas entidades prestadoras de servizos de formación nese caso deberán estar inscritas no rexistro administrativo de entidades colaboradoras da Consellería do Medio Rural. Este requisito garante a debida capacitación, en termos de cualificación do persoal e formación periódica, dos organismos e entidades que presten servizos de formación, transferencia de coñecementos e información.

Só serán elixibles as actuacións destinadas a persoas vinculadas profesionalmente cos sectores produtivos relacionados coa agricultura, gandería, industria agroalimentaria e cadea forestal-madeira, ou con expectativa de incorporación, en especial mozos e mulleres do medio rural galego.

Doutra banda, as entidades prestadoras de servizos han de cumprir unhas cualificacións mínimas:

- ✓ Contar coas licenzas e autorizacións administrativas correspondentes
- ✓ Cumprir coas súas obrigacións tributarias co Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social
- ✓ Ter entre os seus obxectivos estatutarios u obxecto social a formación e o desenvolvemento do medio rural galego
- ✓ Contar cun responsable de formación, cun nivel de titulación universitaria de grao medio ou superior, no ámbito da actividade que desenvolva a entidade





- ✓ Dispoñer dos recursos pedagóxicos, instalacións e medios técnicos de apoio adecuados para a correcta execución das actividades
- ✓ Dispoñer dunha póliza de seguros de responsabilidade civil referente ás instalacións onde se realizarán as actividades e da póliza do seguro de accidentes e responsabilidade civil que cubra a totalidade do persoal docente e do alumnado

E o persoal docente ademais ha de cumprir uns requisitos mínimos:

- ✓ Titulación universitaria de grao superior ou medio en materias agrarias e afíns
- ✓ O persoal docente de prácticas deberá contar coa titulación de formación profesional dos ciclos medio e superior da familia profesional agraria ou asimiladas
- ✓ Poderán ser docentes de accións de formación práctica os titulares de explotacións agrarias, titulares forestais ou da empresa agroalimentaria e forestal que acrediten unha experiencia no sector mínima de 5 anos

1.1.6. Que criterios serán utilizados para a selección?

Definiranse os criterios de selección con anterioridade ao comezo do proceso. Asignarase a cada criterio unha puntuación, e a suma de puntos totais por solicitude haberá de superar un limiar mínimo para acceder á axuda. Poderanse aplicar os seguintes criterios de selección entre outros:

- ✓ Accións formativas exixibles e/ou habilitantes para o exercicio profesional
- ✓ Actividades formativas destinadas á mellora da competitividade empresarial
- ✓ Actividades formativas para a incorporación das TICs ós procesos produtivos e/ou de xestión
- ✓ Actividades formativas destinadas á adquisición de novas competencias profesionais ligadas á innovación en procesos e tecnoloxías e novos produtos
- ✓ Actividades formativas para a xestión sostible dos recursos naturais, incluídos os aspectos da condicionalidade, protección do medio ambiente e conservación da paisaxe
- ✓ Accións formativas sobre a mitigación e a adaptación ó cambio climático e a Rede Natura 2000
- ✓ Accións dirixidas a mozos e mulleres do medio rural

1.1.7. A canto ascende esta axuda?

A intensidade máxima da axuda será do 100% dos gastos subvencionables, segundo a seguinte metodoloxía de cálculo:





- ✓ Retribucións por docencia
 - Cursos de formación continua presencial: máximo de 100 € por hora lectiva
 - Na modalidade de cursos a distancia, semipresenciais ou de teleformación, a retribución poderase establecer en función do número de horas lectivas e do número de alumnos para o que se terá en conta un importe de ata 1,50 € por alumno tutelado e hora de actividade, sempre en función do nivel de especialización
- ✓ O método de cálculo de axuda por curso presencial ou semipresencial impartido por unha entidade beneficiaria a través de convocatoria pública en réxime de concorrência competitiva, cun número mínimo de 10 alumnos, será o seguinte:
 - O importe básico máximo en concepto de prima única será de 1.500 € por organización de cursos de 20 horas de duración; no caso de cursos de maior ou menor duración realizarase o cálculo proporcional. A duración máxima por curso ou módulo formativo será de 60 horas
 - Cada curso contará cun número mínimo de 10 alumnos e un máximo de 30. Para garantir a aprendizaxe as sesións prácticas poderán desdobrarse en grupos, sendo consideradas a todos os efectos como horas de docencia do curso
 - Por cada participante suplementario admitido: máximo de 100 €
 - O importe máximo da prima será de 2.500 € para cursos de 20 horas (1.500€ de prima básica, ao que se lle pode sumar ata un máximo de 1.000 € no caso de admisión de participantes suplementarios); no caso de cursos de maior ou menor duración realizarase o cálculo proporcional. A duración máxima por curso ou módulo formativo será de 60 horas.
 - No caso de ser autorizada unha visita dentro do programa do curso financiarase o 100% dos gastos de desprazamento

A duración das accións de formación será a seguinte:

- ✓ No caso de formación exixible ou habilitante a duración será a establecida pola propia normativa que regula a acción de formación
- ✓ No caso de formación non exixible a duración máxima será de 60 horas. No caso de formación estruturada en módulos a duración máxima de cada un dos módulos será de 60 horas.
- ✓ No suposto de organización de visitas a través desta submedida financiarase o 100% dos gastos de desprazamento nun medio de transporte colectivo, debidamente xustificada a oportunidade e necesidade do uso dese transporte concreto.





1.1.8. Quen xestiona esta axuda?

Esta axuda está xestionada pola Axencia Galega da Calidade Alimentaria da Consellería do Medio Rural.

1.1.9. Marco normativo

- ✓ Regulamento (UE) Nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 17 de decembro de 2013 , polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo y de la Pesca, y por el que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca
- ✓ Regulamento (UE) Nº 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader)
- ✓ Regulamento (UE) Nº 1407/2013 da Comisión, de 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis
- ✓ Regulamento Delegado (UE) Nº 807/2014 da Comisión, de 11 de marzo de 2014, que completa o Regulamento (UE) Nº 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), e introduce disposicións transitorias
- ✓ Regulamento de Execución (UE) Nº 808/2014 da Comisión, de 17 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) Nº 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello , relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader)
- ✓ Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- ✓ Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia
- ✓ Orde do 17 de marzo de 2009 pola que se ditan normas relativas á inscrición e rexistro das entidades colaboradoras da Consellería de Medio Rural para a realización de actividades de formación continua e transferencia de tecnoloxía en materia agraria e sobre o procedemento de homologación dos cursos realizados por estas entidades e a expedición de certificacións e diplomas oficiais por parte da Administración pública
- ✓ Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico
- ✓ Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que trasponse ao





ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014

1.1.10. Documentos e ligazóns relacionados

- ✓ Investigación e Formación (Consellería do Medio Rural)

http://mediorural.xunta.gal/es/areas/investigacion_y_formacion/presentacion

- ✓ Para obter máis información, consulte a sección 8.2.1.3.1 do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020

